

Saudades

Begoña REGUEIRO SALGADO

PAPEIS ENRUGADOS

Estou nunha habitación de luz fría. Os papeis enrugados berran no medio do caos de conceptos baleiros que esvaran polas miñas pálpebras coma bágoas de xeo.

Estou intentando borrar da miña mente as ondas, o sal, a vida; borrar os beizos que me bican e o desexo que me rouban uns ollos de mel. Intento arrincar da miña pel a area que brilla e que, con fíos de prata, me arrastra ao océano.

No entanto, ti estás na noite. A música que compasa os teus movementos chega até min. Estás na noite e non sei se choras ou ris... ou cantas movendo os beizos detrás dos cristais dun coche. Non sei se, ao debuxares ollos que vixíen o mundo, queres sentirte como Deus ou, tan só, queres ver por eles o sorriso azul que me arrancas polas mañás.

Estás na noite construindo universos con reflexos fuxidíos. E, no en tanto, eu, coa luz fría da lámpada de onte, vounos ganduxando para encontrar mundos que escribir nas noites de papeis enrugados.

O AMOR DAS SEREAS

Sento diante do mar e deixo que o sal me empape a alma.

Pecho os ollos e respiro bafaradas de lembranzas. E confundo o onte, o hoxe e o sempre.

As ondas loitan na orela nunha carreira frenética, sen saberen que a que chegue primeira será a que antes desapareza absorbida polo ceo e pola terra.

Ás miñas costas corren a cachón, tropezan, nomes, datas, lugares... sen saberen que o primeiro

que chegue á miña mente será o primeiro en evaporarse en forma de bágoa.

Ao lonxe, o faro vaise acender, e eu lembro as noites nas que se apagaba para que uns ollos alumearan o mundo. As noites nas que os barcos xa non procuraban o norte senón a luz duns ollos de serea que marchaban á alborada, deixándoos perdidos para sempre. As sereas fuxían, pero, amaron algunha vez?

Sorrío, porque sei a resposta ou porque, quizais, coido sabela.

Unha face luminosa oculta un momento o reflexo mariño da lúa. As luces do mundo fúndense nunha soa e parece que non hai nada máis; coma cando te mira unha serea e ti sentes que, se agora deixase de te mirar, afundiríaste para sempre no país dos pozos escuros, onde as sereas pechan os ollos eternamente. E os mariñeiros morren. De desesperación.

Choro, porque unha vez eu tamén estiven morto entre as algas, buscando nas cunchas un reflexo verdoso que me lembrase a súa mirada. Mirada transparente onde te ves ti mesmo. Por iso, algúns choran ao miraren unha serea.

Ao lonxe, un golfinho salta intentando bicar a lúa. Lémbreme a min mesma tratando de apreixar unha sombra de espuma que marchaba.

Un tumulto de lembranzas loita ás miñas costas. Corren, tropezan.

Vexo unha sombra que salta tralo golfinho querendo abrazar a aleta que aspira á lúa.

A primeira lembranza desta tarde evapórase e o seu sal proe nas miñas meixelas.

Eu tamén fun serea e tamén pechei os ollos aos mariñeiros mortos que buscaban un resplandor verdoso aos meus pés.